

LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión ORDINARIA celebrada o trinta de maio de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

13/317 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACIÓN E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 23 de maio de 2012 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I.- Prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración e implantación dun sistema de virtualización e copia de seguridade do Concello de Lugo elaborado polo analista programador do Servizo de Informática.
- II.- Informe de Intervención, do día 17 de abril de 2012, no que se pon de manifesto a existencia de crédito presupostario na partida 92002.62600 do vixente Orzamento municipal de 2012 por importe de 94.400 euros
- III.- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación de referencia elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- IV.- Informe da Intervención Municipal do 26 de abril de 2012 no que se realizan unha serie de consideracións por se foran de interese para a unidade xestora con carácter previo á conclusión da fiscalización do expediente.
- V.- Informe do analista programador do Servizo de Informática do 4 de maio en virtude do cal se aclaran algunhas cuestións e propón unha serie de modificacións ó prego.
- VI.- Informe proposta do Servizo de Contratación propoñendo a aprobación da contratación de referencia xunto co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- VII.- Acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de maio de 2012 polo que se retira o asunto para un mellor estudo.
- VIII.- Novos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia redactado polo servizo de contratación do concello con data 23 de maio de 2012

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato debe ser cualificado como un **contrato mixto** recollido e regulado no artigo 12 do TRCSP que ten por obxecto principalmente a subministración e implantación dun sistema de virtualización e copia de seguridade dos sistemas informáticos do Concello de Lugo de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado pola analista programador do Departamento Municipal de Informática e que inclúe actividades de formación e un servizo de soporte, actualización e mantemento.

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración (artigo 9 TRLCSP)

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto No TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo primeira do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP. Tendo en conta que os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor son preponderantes ós criterios avaliábeis mediante fórmulas se establece a constitución dun Comité de Expertos.

Terceira.- Á vista do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 23 de maio polo que se retira o asunto para un mellor estudo, se procede á modificación dos criterios de adxudicación e á vista de que os criterios avaliábeis

mediante xuízo de valor son preponderantes ós criterios avaliados automaticamente se inclúe nos pregos a previsión dun comité de expertos.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACIÓN E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO**

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior que, elaborados polo Servizo de Contratación e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION E IMPLANTACION DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACION E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO-----

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a subministracion e implantacion dun sistema de virtualizacion e copia de seguridade dos sistemas informáticos do Concello de Lugo de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado pola analista programador do Departamento Municipal de Informática.

CNAE 2009 47.41 Comercio polo miúdo de ordenadores, equipos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados

CPV: 72268000-1 Servizos de suministro de «software»

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato mixto de suministro e servizos recollido e regulado no artigo 12 do TRLCSP e que ten por obxecto principalmente a subministracion e implantacion dun sistema de virtualizacion e copia de seguridade dos sistemas informáticos do Concello de Lugo de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado pola analista programador do Departamento Municipal de Informática e que inclúe actividades de formación e un servizo de soporte, actualización e mantemento.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración (artigo 9 TRLCSP)

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración deste contrato será de UN MES para a realización da subministración contados dende a data da formalización do contrato e DOUS MESES contados a partires da subministración para a realización dos traballos de instalación e configuración definidos no apartado 4.4.2.1 do prego de prescricións técnicas sen perxuízo da redución de prazo que oferte o adxudicatario , e para os traballos definidos no resto dos apartados incluídos no punto 4.4.2 do prego de prescricións técnicas a duración será de TRES ANOS contados a partir da recepción da subministración e instalación dos equipos sen perxuízo do incremento dos prazos de garantía que oferten os licitadores, sen que poda ser obxecto de prórroga unha vez transcorrido o dito prazo.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO

4.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de **80.000 euros**, ó que **sumado o 18% de IVE (14.400 euros)** resulta un presuposto máximo de **94.400 euros**.

Para tódolos efectos entendese que nos prezos ofertados están incluídos tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratas como son os gastos xerais, financeiros, beneficio, seguros transporte e desprazamento, manutención, soldos do persoal e do coordinador, taxas e toda clase de tributos.

4.3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 92002.62600 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 94.400 euros.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as **UNIÓNS DE EMPRESARIOS** que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica **deberá ser acreditada** da seguinte forma:

- Mediante a acreditación de experiencia na realización de contratos de subministracións similares ós deste contrato durante os últimos tres anos con un importe mínimo pola totalidade dos subministros de 100.000 euros IVE engadido.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos suministros realizados, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

-Presentación dos certificados dos **sistemas de xestión de calidade conforme á norma UNE-EN- ISO 9001/2000/2008 referente ó obxecto deste contrato.**

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A (DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA), sobre B (PROPOSTA TÉCNICA E RELATIVA A CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE) e sobre C (OFERTA ECONÓMICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE)

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificala data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a **admisibilidade de variantes ou alternativa** nas proposicións ofertadas debendo ter en conta neste caso o establecido no apartado 7 do prego de prescricións técnicas.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre denominado A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado**:

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de

tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

6.-Presentación dos certificados dos **sistemas de xestión de calidade conforme á norma UNE-EN- ISO 9001/2000/2008 referente ó obxecto deste contrato.**

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e no sobre C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre denominado B – PROPOSTA TÉCNICA (RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE)

Dentro deste sobre B presentarán a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os criterios de adxudicación non avaliados automaticamente que se sinalan na cláusula décimo segunda (apartado 12.2).

Os licitadores deberán ter en conta a estes efectos o establecido no apartado 4.4 do prego de prescricións técnicas (Control do proxecto e servizos. Xestión do proxecto) así como o establecido nos apartados 7, 8 e 11 do prego de prescricións técnicas.

O sobre denominado C - OFERTA ECONÓMICA (RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE), conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION E IMPLANTACION DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACION E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO**

b) - Propón como **prezo do contrato** euros polo que sumado o IVE (18%) euros , resulta un total de ...euros IVE incluído

c) Propón un **incremento do prazo mínimo (3 anos) de garantía para o hardware** de..... meses a maiores do mínimo de tres anos.

** O incremento máximo de garantía que se pode ofertar para o hardware é un ano.*

d) Propón un **incremento do prazo mínimo (3 anos) de garantía para o software (update&support) e servizos** de..... meses a maiores do mínimo de tres anos.

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

Dentro deste sobre C incluírase para a súa valoración os certificados ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información e certificado ISO 20000 de xestión de servizos de TI (tecnoloxías da información)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

VOCALIS:

- O Concelleiro delegado da área de Servizos Xerais
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- O Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura do sobre B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

Para a valoración do **SOBRE B-Proposta técnica relativa ós criterios de adjudicación non avaliados automáticamente-** e tendo en conta o sinalado no artigo 150 do TRLCSP, deberá constituírse un **comité formado por expertos na materia** non integrados no órgano propoñente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

O Comité de Expertos disporá dun prazo de dez días hábiles dende a solicitude do informe, para efectuar a valoración e levantar a acta correspondente que será remitida á Mesa de Contratación que procederá á apertura, en acto público, dos sobres (C) **Oferta económica e relativa a criterios avaliados automáticamente** e á súa valoración.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

12.1.- CRITERIOS DE ADJUDICACION AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS: Ata 49 puntos desglosados como segue:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS	49 Ptos
--	---------

Oferta económica:	28
Custo do total do proxecto	28
Garantía e mantemento:	19
Ampliación nun ano do prazo de garantía hardware (máx 1 ano)	12
Ampliación garantía software (update & support) e servizos (máx contrato)	6

Posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de informacion	0,5
Posesión da ISO 20000 de xestión de servizos de TI	0,5
Instalación e configuración	2
Reduccion do tempo de instalación, configuración e probas, max 2 meses.	2

CÁLCULO DA PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS:

Custo total do Proxecto:

$$P_i = P_{\max} \times O_m / O_i, \text{ sendo:}$$

- P_i : puntuación da oferta i, oferta a valorar
- P_{\max} : Puntuación máxima: 30 ptos.
- O_m : importe da mellor oferta, oferta admitida máis favorable
- O_i : importe da oferta i, oferta a valorar

Para o resto dos criterios:

Aplicaranse criterios de proporcionalidade directa ou inversa, segundo o caso, tendo en conta que as ofertas con valor igual ó valor esixido no prego puntuarán 0 puntos e o a mellor oferta, levará os puntos máximos.

12.2.- CRITERIOS DE ADXUDICACION NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (XUÍZO DE VALOR)

Ata 51 puntos desglosados como segue:

Características técnicas da solución:	
Sistema de almacenamento	15
Capacidade inicial de almacenamento, en volume neto, Tecnoloxía e velocidade dos discos, capacidade de crecemento, rendemento da cabina, IOs, throughput, modo de replicación ou virtualización de almacenamento, thin provisioning, sistema de encriptación de disco integrado. recuperación consistente de copias, provisionamento virtual, e en xeral melloras referentes ó sistema de almacenamento	15
Servidores de Virtualización	10
Rendemento SPECint2006RateBase documentado, Memoria RAM, Número de servidores, procesadores e núcleos por servidor, tecnoloxía de memoria, capacidade de ampliación e en xeral outras melloras referidas ó rendemento e capacidade dos servidores de virtualización	10
Rede SAN	6
Velocidades e rendemento, Redundancia e características nos elementos de conmutación.Integración cos sistemas de comunicación existentes e outras melloras refiridas á rede SAN	6
Sistema de Backup	7

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

Incorporación dunha librería virtual (VTL) ou sistema de grabación a disco diferente das cabinas, Capacidade total, Modelo de cintas, Axentes para backup aportados, granularidade da copia, SW de backup, deduplicación e arquivado, encriptación por hardware, e outras melloras referidas ó sistema de Backup.	7
Software de Virtualización	5
Administración dende un único punto (máquinas virtuais e almacenamento virtual, se dispoñible), Alta dispoñibilidade, Tolerancia a fallos, Optimización de memoria, Site Recovery, Balanceo dinámico de Carga, Power management, e calquera mellora referida ó SW de virtualización	5
Características dos Servizos:	
Perfil do equipo de traballo	1
Procedementos de recuperación e continxencia	3
Número e relevancia dos procedementos a implantar, Definición de políticas de respaldo, Automatización dos procedementos e outras melloras referidas ós procedementos de recuperación e continxencia.	3
Garantías e Mantemento	1
Tempos de resposta e resolución de incidencias, servizos de valor engadido e outras melloras referentes ás Garantías e Mantemento	1
Traspaso de Datos	2
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello de Lugo, Posta en produción fóra do horario laboral e todas as melloras referidas á migración da BD Oracle	2
Formación.	1
Horas, Contidos e Coaching tecnolóxico	1

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Analista programador DT), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

DÉCIMO SEXTA- RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

O adxudicatario deberá subministrar, instalar e configurar a totalidade dos equipamentos obxecto do contrato (obrigas sinaladas no apartado 4.4.2.1 prego de prescripcóns técnicas) dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira ou no ofertado se é o caso. A tal efecto deberá notificar por escrito ó responsable do servizo cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora para efectuar a acta de recepción dos equipos instalados non sendo responsable o concello dos vicios ou defectos que tiveran os bens motivada pola entrega dos mesmos sen previo aviso.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Establecese un prazo mínimo de garantía de TRES anos contados a partir da data de recepción da subministración sen prexuízo do incremento ofertado pola empresa. Durante este prazo o adxudicatario asumirá as obrigas establecidas nos apartados 4.4.2.2 a 4.4.2.5 do prego de prescripcóns técnicas.

Non procederá a devolución da garantía ata a terminación total do contrato e o remate do prazo de garantía establecido ou do ofertado no seu caso.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros máximo), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sigilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato, o concelleiro delegado da área de servizos xerais e maila Concalleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

O pagamento da factura realizarase unha vez realizados os traballos de instalación e configuración, o traspaso de datos ó novo almacenamento e realizado o programa de formación.

Da correcta execución do resto de prestacións e as que corresponden ó período de garantía de tres anos ou do ofertado responderá a garantía definitiva.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas así como polo incumprimento das condicións da súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Ós efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo oitava destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXESIMO SEGUNDA .- PENALIDADES

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato conforme ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades cuio importe será do 1% do importe de adjudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:	
-----------------	--

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1° <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2° COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3° TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:
FIRMA:
DATA:”

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na contratación da **SUBMINISTRACION E IMPLANTACION DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACION E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO** declaro baixo a miña **responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACION E IMPLANTACION DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACION E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO**, declaro baixo a miña **responsabilidade:**

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)”

B) “PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACIÓN E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO.

1. OBXECTO

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas é o establecemento dos requisitos funcionais e técnicos mínimos ós que deberán axustar as propostas as empresas interesadas en concorrer á licitación para a subministración e implantación do sistema de virtualización e copia de seguridade dos sistemas informáticos do Concello de Lugo.

2. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Na actualidade, o Concello de Lugo dispón de preto de 50 equipos servidores físicos, dispostos nunha rede LAN e centralizados no CPD principal, tendo a disposición outras instalacións conectadas por fibra óptica co CPD principal, entre as que se atopa a da Casa Consistorial. Nesta última dispónse doutro pequeno CPD, tamén con características suficientes para aloxar servidores nunhas condicións mínimas de continuidade da corrente eléctrica e de climatización axeitada.

O número de equipos servidores implica un grande esforzo no tocante á administración, mantemento dos equipos, consumo eléctrico e certa rixidade no momento de engadir novas funcionalidades e servizos na rede municipal. A progresiva implantación da administración electrónica, por outra banda, require un continuo cambio na configuración dos equipos engadindo novos servidores e modificando a distribución dos mesmos. Esta situación, xunto coa necesidade de garantir a seguridade física e lóxica dos datos e expedientes municipais, así coma o acceso ós mesmos, establecidos xa na LOPD (“Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal”, e no ESN (“Esquema Nacional de Seguridade”, Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro), levan, entre outras necesidades, a unha redefinición da configuración da rede de equipos servidores, sistema de copia de seguridade e redundancia de equipos. A solución apunta claramente á virtualización de servidores e consolidación de almacenamento. Esta consolidación de almacenamento iniciouse xa hai varios anos neste Concello, mentres que os procesos de virtualización lévanse desenvolto dende hai pouco máis dun ano.

Mediante a virtualización de servidores obtense unha optimización de recursos. Cun menor número de servidores pódese soportar o mesmo número de aplicacións, optimizándose a capacidade de procesamento dos mesmos. Así mesmo, simplifícase o mantemento tanto dos equipos como das aplicacións dun modo centralizado dende unha única consola. Tamén se obtén redundancia ante posibles fallos hardware, e posibilita balancear as distintas aplicacións entre os servidores físicos que compoñen o sistema, segundo se requira, nun curto espazo de tempo.

A centralización de datos en cabinas de almacenamento é tamén clave no momento de facilitar a administración e unicidade dos datos, provendo localización única e mantendo a redundancia de seguridade requirida. Neste momento a información que manexa o Concello reside en tres cabinas de almacenamento, algunha delas con preto de 6 anos de funcionamento ininterrompido, sendo conveniente consolidar dito almacenamento nunha cabina única centralizada.

Con estas premisas, xa é posible comenzar a trazar un plan de continuidade de negocio, durante a realización deste proxecto, para aumentar a seguridade nas funcionalidades das aplicacións e a continuidade de servizos ante os posibles fallos e continxencias.

2.1. SITUACIÓN ACTUAL

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

O Concello de Lugo ten aloxados os seus sistemas informáticos nun CPD situado no Centro de Servizos Municipais, dispoñendo ademais doutra pequena sala de servidores nas dependencias da Casa Consistorial. Ambas instalacións están conectadas por 32 fíos de fibra óptica monomodo (parcialmente ocupados), distando os centros entre si menos de 265 metros. Todos os equipos están conectados vía LAN con TCP/IP.

2.1.1. Almacenamento consolidado

Dispónse de tres cabinas de discos:

Cabina	Capacidade	Utilización
Sun StorageTek 3510 NAS	840GB. 12 HD FC 70GB.	BD Oracle.
Sun StorageTek 5320 NAS	2TB. 14 HD FC 140GB	Arquivos de ofimática
NETGEAR ReadyNAS 1100 RNR4450.	2 TB. 4 HD SATA-150 500GB	Portal municipal.

2.1.2. Servidores

As aplicacións de xestión municipal centralizada, nas que se basea a meirande parte da lóxica de negocio municipal, traballan contra a base de datos Oracle 9i, xestionada esta por dous servidores SUN V440 con SO Solaris e Sun Cluster. Este último proporciona a alta dispoñibilidade para a recuperación inmediata no caso de caída dun servidor. Estes servidores traballan conectados directamente á cabina SUN StorageTeck 3510, de xeito redundante, vía FC.

Na rede do Concello de Lugo dispónse ademais dunha serie servidores físicos e virtuais, dos que se seleccionan os seguintes para permitir o dimensionamento da solución, xa que corresponden basicamente ás máquinas que se pensan virtualizar no novo sistema.

Para administración electrónica:

DESENVOLVEMENTO			
Máquina	NÚCLEOS	RAM (GB)	DISCO (GB)
@ries	1	2	50
@firma	1	2	50
trew@	1	2	50
alfresco	1	2	50
port@firmas	1	2	50
solicit@	1	2	50
database	2	4	100

servizos	2	4	50
TOTAIS	10	20	450

PREPRODUCCIÓN			
Máquina	NÚCLEOS	RAM (GB)	DISCO (GB)
@ries	1	2	50
@firma	1	2	50
trew@	1	2	50
alfresco	1	2	50
port@firmas	1	2	50
solicit@	2	4	50
database	4	4	100
servizos	2	4	50
TOTAIS	13	22	450

PRODUCCIÓN			
Máquina	NÚCLEOS	RAM (GB)	DISCO (GB)
@ries	2	4	50
@firma	2	4	50
trew@	2	4	50
alfresco	2	4	50
port@firmas	2	4	50
solicit@	2	4	50
database	4	4	100
servizos	2	4	50
TOTAIS	18	32	450

TOTAIS e-Admón	
MÁQUINAS	24
NÚCLEOS	41
RAM (GB)	74
DISCO (GB)	135 0

Outros Servidores:

Número	Utilización	Núcleos por Serv.	TotNúcleos	RAM (GB)	DISCO (GB)
--------	-------------	-------------------	------------	----------	------------

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

1	jes	2	2	4	50
1	val	2	2	4	50
1	firma	2	2	4	50
1	sigem	1	1	2	50
1	licitacion	2	2	4	50
1	fividoc	2	2	4	50
1	magicnet	1	1	2	50
1	sqlserver	2	2	4	100
1	microstrategy	2	2	4	100
1	eforma	1	1	2	50
5	Granxas Citrix. Srv appls	1	5	2	70
2	DA, Exchange, etc.	2	4	2	25
1	Abred	8	8	2	20
1	010	4	4	2	20
2	Grabación Plenos	2	4	2	250
4	Srv Web e Aplicacións	4	16	8	250
2	Oracle10 Suse	2	4	4	150
2	Algueira, Lugo.eu	4	8	4	250
1	Srv Impres	1	1	0,5	20
1	Blackberry	1	1	2	20
1	Sendmail	1	1	1	20
32	TOTAIS		73	63,5	1695

TOTAIS	
Virtualización	
MÁQUINAS Virtuais	56
NÚCLEOS	114
RAM (GB)	137,5
DISCO (GB)	3.045

2.1.3. Copia de seguridade

As copias de seguridade realízanse directamente a cinta, e non están centralizadas. Dispónse de diferentes sistemas de copia, tanto en librerías pequenas (dúas cun driver e oito slots) coma en dispositivos DLT individuais. Nalgúns casos, e para dispoñer dunha ventá de backup que permita a realización das copias diarias (ventás de menos de 24 horas), realízase unha primeira copia a disco, procedendo posteriormente ó paso a cinta dun xeito desatendido. O software de copia e recuperación empregado no Concello é o Veritas Backup Exec de Symantec para todos os casos, agás no clúster de Oracle, no que se emprega Véritas NetBackup, tamén de Symantec.

2.3.4. Algunhas carencias identificadas

Desta situación derívanse as carencias salientables do sistema. Entre as que se teñen identificado, as máis salientables son:

- Redución das ventás de backup ó incrementarse os volumes de información.
- Catálogos de recuperación múltiples, de instancia única e dispersos en diferentes localizacións. Esta situación demanda moito tempo de administración para o feito do cambio diario das cintas, e a ordenación das mesmas, así coma a recuperación de datos e sistemas.
- Sistemas completos de discos dedicados a un só aplicativo.
- Dificultade de establecer plans de continxencia ou procedementos sinxelos de recuperación de datos e sistemas. A falta de mecanismos para o traslado de datos a outra localización dun xeito seguro, dinámico e desatendido, limita a posibilidade de manter a operatividade no caso dunha perda prolongada da ubicación na que se atopa o CPD.

3. ALCANCE DO PROXECTO

No marco deste contrato, entendemos que a principal necesidade do Concello de Lugo é dispoñer dunha infraestrutura suficiente e das ferramentas necesarias que permitan mellorar a capacidade do equipo de Sistemas respecto das políticas de recuperación de desastres e continuidade de negocio e a activación de plans de continxencia no caso de presentarse situacións críticas na área de sistemas.

En canto ó alcance, esta solución pretende mellorar as condicións nas que actualmente se ofrecen servizos como: almacenamento de datos, protección da información, recuperación de desastres, mellora da calidade do servizo de aplicacións e, finalmente, pretende dotar ó persoal de Informática das ferramentas que permitan a incorporación de estratexias de continxencia e respaldo dos sistemas aloxados no CPD principal.

4. EQUIPAMENTO E SERVIZOS OBXECTO DO CONTRATO

As especificacións que seguen son mínimas e obrigatorias. Os licitadores poderán incluír aqueloutras melloras en canto especificacións ou elementos adicionais que consideren convenientes e contribúan á coherencia e mellor acomodación da oferta aos obxectivos marcados, as cales serán obxecto de valoración só en canto sexan consideradas de interese para a calidade global da oferta. Nas ofertas deberán precisarse as razóns ou consideracións técnicas que xustifiquen a xuízo do licitador a inclusión das melloras introducidas.

4.1. ASPECTOS IMPORTANTES DA SOLUCIÓN

Trátase de incrementar a dispoñibilidade dos datos e seguridade da información, que maximice a integridade e recuperabilidade da mesma, aumentando equipamento do núcleo dos sistemas de procesamento e

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

almacenamento do Concello de Lugo, e incorporando tamén un novo sistema de copia de seguridade seguro e eficiente.

A solución basearase nun sistema de almacenamento centralizado cunha arquitectura SAN (Storage Area Network).

O equipamento necesario para o sistema de almacenamento irá situado no rack ou racks que se requiran, debendose subministrar, se fose necesario, tamén no marco desta solución, así como todos os elementos necesarios para o funcionamento de todos os sistemas.

Como características xerais esixiráselle á solución:

- Garantía da integridade e recuperabilidade da información.
- Escalabilidade.
- Modularidade.
- Compatibilidade.
- Fiabilidade.
- Recuperación rápida en caso de corrupción de datos
- Simplicidade na xestión.

Para iso, deberase considerar a duplicidade ou redundancia dos compoñentes máis críticos que, ante unha incidencia ou avaría, poidan poñer en perigo a continuidade do sistema.

Os sistemas informáticos ofertados deberán ser conformes coas normativas técnicas, nacionais e europeas existentes, e serán compatibles cos sistemas de software do Concello de Lugo.

Ademais, estes sistemas ofertados deberán ser conformes coa lexislación comunitaria e nacional no referente ós aspectos de calidade, ergonómicos, medioambientais, aforro enerxético, compatibilidade electromagnética, redución da radiación emitida, seguridade, etc.

En particular, os sistemas ofertados deberán cumprir coma mínimo os seguintes puntos:

- Disposicións de obrigado cumprimento: cando os produtos están suxeitos a cumprimento de requisitos esenciais establecidos en Directivas europeas ou noutras disposicións de obrigado cumprimento, como Regulamentos comunitarios ou nacionais, o subministrador será responsable do cumprimento dos mesmos.
- Seguridade xeral dos produtos: neste caso, axustaranse á directiva 2001/95/CE relativa á seguridade xeral dos produtos (R.D.1801/2003, de 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos).

Dado que os servidores aloxados no CPD do Concello son sistemas Windows e UNIX, o adxudicatario debe achegar documentación sobre a integración dos sistemas do Concello de Lugo, tanto sistemas de usuario como servidores, para o acceso e uso dos mesmos coa arquitectura SAN.

Outro aspecto a considerar é a posible reutilización dos elementos das plataformas actuais, aínda que o rol destes elementos na solución resultante será

distinto ó que teñen actualmente, podendo xogar un papel importante á hora de ofrecer unhas funcionalidades que doutra forma non sería posible acadar dentro do alcance deste proxecto.

Tamén se terá en conta a homoxeneidade da solución co gallo de facer máis doada a administración de todos os elementos a integrar.

4.2. ELEMENTOS HARWARE E SOFTWARE

O adxudicatario deberá subministrar, instalar e configurar todo o hardware e software necesario para os Sistemas obxecto deste contrato, incluíndo os elementos de interconexión da rede SAN (interconexión directa entre o sistema de almacenamento, copia de seguridade, servidores ofertados, etc), que terán as características que se describen no punto correspondente deste Prego Técnico. Deberase ter en conta a integración completa de todos os elementos do sistema.

Nas ofertas presentadas identificaranse claramente qué características se inclúen e qué outras enuméranse como opcionais coa fin de amosar as posibilidades dos produtos e servizos ofertados.

O Concello poderá requirir cantas probas estime oportuno para verificar que as devanditas características se cumpren, e que os equipos se integran perfectamente no sistema informático existente. Tamén poderá solicitar ós licitadores unha mostra do equipamento ofertado para a súa avaliación, e comprobar que se cumpren os requisitos operacionais mínimos esixidos.

Na oferta deberanse indicar os custos e prezos sempre incluíndo o IVE. Deberanse indicar os custos das licenzas de software en previsión de posibles ampliacións durante a execución do contrato.

4.2.1. CARÁCTERISTICAS TÉCNICAS DA SOLUCIÓN

En xeral, os equipos ofertados deberán ser máquinas de alta calidade construtiva, de marca recoñecida no mercado, cumprindo todos os requirimentos esixibles para o seu traballo na rede de datos do Concello de Lugo.

En particular, o fabricante de todo o equipamento hardware deberá cumprir os estándares ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004.

Descríbense de seguido os **aspectos técnicos mínimos** que se esixen, e que poden ser mellorados polos licitadores. Son as melloras as que se tomarán coma base para a valoración das ofertas.

4.2.1.1. Elementos comúns a subministrar

O ofertante deberá incluír, en caso de non dispoñer de espazo dabondo nos racks do CPD municipal, os Racks necesarios para o entorno de produción, de 42U estándar, de alta calidade para poder albergar os novos servidores, SAN e solución de backup. No caso de instalarse, ditos armarios deberán ter ventilación suficiente para evacuar a liberación de calor dos servidores así como para protexelos do exterior. Engadiranse as PDUs necesarias para a solución ofertada, adaptadas ós niveis de consumo do hardware instalado.

As ofertas deberán incluír sempre a especificación detallada de tódolos equipos e compoñentes que a integran.

4.2.1.2. Sistema de almacenamento

O adxudicatario deberá subministrar, instalar e configurar todo o hardware e software necesario para o Sistema de Almacenamento, que terá que residir fisicamente no CPD. Tamén terá que subministrar todos os elementos de interconexión directa entre o Sistema de Almacenamento e os servidores ofertados. Deberase realizar a integración de todos os elementos do sistema.

O sistema constará das seguintes características:

- Formato: Rack 19”.
- Deberanse ofertar de forma obrigatoria tanto as licenzas software e hardware precisas para o uso e administración da SAN, incluíndo todo tipo de licenzas adicionais necesarias para o uso das funcionalidades soportadas así como indicar claramente no prego as licenzas necesarias en caso de aumento das mesmas.
- Sistema de Almacenamento con arquitectura SAN, con todos os elementos redundantes e reemplazables en quente. Compoñentes como procesadores, discos duros, controladoras, fontes de alimentación, ventiladores, etc. todos deben ser redundantes e intercambiáveis en quente, para garantir a alta dispoñibilidade do sistema.
- Modular, con amplas posibilidades de crecemento.
- A capacidade inicial de almacenamento do sistema debe ser de **4 TB** netos como mínimo, tendo o licitador que especificar o nivel de protección utilizado para calcular dita capacidade.
- As diferentes tecnoloxías dos discos que se incorporen á cabina deberán permitir por unha banda transaccións rápidas on-line (OLTP), e por outra almacenamento “barato” de arquivos. Indicarase a tecnoloxía de discos que se inclúe así coma a velocidade de xiro (en rmp), valorándose tamén que se soporten diferentes tecnoloxías de disco (SSD, SAS, SATA, Nearline SAS)
- Capacidade mínima de crecemento de almacenamento de até 100 TB netos, especificando tamén o nivel de protección.
- As velocidades de discos que se inclúan non deben limitar a velocidade de funcionamento do sistema global de almacenamento. A conexión das bandexas de discos físicos ás controladoras permitirá dispor de alta dispoñibilidade e acceso balanceado.
- Disporá de dúas controladoras redundantes activas, sustituíbles en quente e con conectividade de xeito que se poidan establecer conexións cara a dous switches diferentes que permitan camiños redundantes cara ós servidores, para garantir a alta dispoñibilidade do sistema en caso de fallo dun dos camiños, dunha das controladoras, ou simplemente dunha actualización de firmware.

- Cache: 2GB (1 GB por controladora) e protección da mesma por batería, no caso de ter memoria volatil.
- Capacidade para soportar as distintas plataformas de sistemas operativos dos servidores estándares existentes no Concello. O sistema debe permitir a configuración de niveis de RAID por hardware.
- A solución ofertada debe permitir acceso SAN FC.
- A velocidade de saída das controladoras do sistema de almacenamento á rede SAN deberá ser de 8Gbps (protocolo FC).
- As empresas licitadoras deberán garantir que a explotación e administración posterior da solución que acheguen poderá ser realizada polos Técnicos do Concello de Lugo coas ferramentas que faciliten para iso, así como impartirán a formación necesaria. Co obxectivo de manter a premisa de simplicidade da xestión, deberíase empregar o menor número posible de elementos de arquitectura da solución, á hora de prestar os servizos de SAN, incluíndo as consolas de xestión.
- Proporcionaranse todos os compoñentes hardware e software, non especificados no prego, que sexan necesarios para un correcto funcionamento e óptimo rendemento do sistema de almacenamento.
- O licitador deberá tamén especificar os seguintes datos na oferta, referidos á configuración que ofrece:
 - Nº máximo de unidades, tecnoloxía (SSD, SAS, SATA, NLSAS, ...), capacidade de almacenamento e rpm dos discos.
 - Niveis RAID soportados (0, 1, 1+0, 5, 5+0, 6, ...)

Por outra banda, o sistema de almacenamento ofertado tamén deberá proporcionar as seguintes características:

- Capacidade de amosar a cada servidor os volumes necesarios e ocultar o resto (LUN Masking)
- Funcionalidade de multipathing para acceso redundante dos servidores ó sistema de almacenamento.
- Deberá permitir a provisión dinámica de volumes virtuais sobre o conxunto total de discos do sistema de almacenamento ou sobre un grupo de discos. Estes volumes poderanse crear, eliminar e ampliar en quente, de forma dinámica, para responder dun xeito rápido ás demandas de almacenamento.
- Deberá prover capacidade de xeración de imaxes instantáneas dos volumes (snapshots) para recuperación rápida de datos, soportando un mínimo de 8 snapshots por cada volume.
- O proceso de creación dun snapshot deberá ser practicamente instantáneo e independente do tamaño do sistema de arquivos.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

- As licenzas para realizar snapshots deberán ser suministradas, preferiblemente, de maneira que sexan independentes de calquera ampliación de capacidade no sistema.
- En caso de recuperación, o contido do Snapshot deberá poder ser recuperado de forma practicamente inmediata sobre o volume orixinal.
- Capacidade de clonado dos datos para seren utilizados por contornas de desenvolvementos ou probas con licenza para capacidade ilimitada.
- O sistema de almacenamento ofertado permitirá o crecemento en capacidade, dispoñibilidade, rendemento e conectividade, preferiblemente, sen necesidade de engadir licenzas de software adicionais.
- Funcionalidade de Thin Provisioning, que permita asignar ós servidores máis espazo do dispoñible fisicamente no sistema de almacenamento. Esta funcionalidade debe poder utilizarse independentemente do sistema operativo dos servidores e do protocolo de acceso empregado.
- Capacidade de asignar LUNs on-line entre niveis de RAID diferentes.
- Terá capacidade de **replicación** sincrónica e asíncrona en ubicacións remotas, por se nun futuro estase en disposición de redundar o sistema de almacenamento.
- O software que se provea permitirá xestionar a globalidade do sistema de almacenamento dende unha única consola.

4.2.1.3. Servidores de Virtualización

Os equipos servidores para virtualización que provea o adxudicatario, dimensionaranse de xeito que permitan virtualizar, como mínimo, os servidores descritos anteriormente neste prego (apt. 2.1.2.).

O número de servidores físicos para virtualización, así coma o seu dimensionamento, farase en base a un compromiso entre a capacidade de procesamento, a alta dispoñibilidade que se contempla, e a facilidade de monitorización e de xestión.

O número de servidores físicos para virtualización será como mínimo de tres, valorándose a incorporación de máis servidores co obxecto de potenciar a tolerancia a fallos.

Os sistemas actuais do Concello de Lugo funcionan maiormente sobre Solaris e Windows. Os servidores ofertados deberán estar homologados para as plataformas ofertadas.

A configuración de cada un destes equipos deberá incluír, como mínimo, os seguintes elementos:

- Formato: Rack 19".
- **2** procesadores con **4** cores por socket, cun rendemento mínimo documentado de **150** por servidor con dúas CPUs da **SPECint2006RateBase**.

- **24 GB** de RAM con sistemas de corrección de erros e “memory mirroring”, aínda que esta derradeira característica non se empregue no entorno de virtualización.
- Memoria de tipo DDR3 a 1066MHz.
- A configuración de módulos de memoria ofertada deberá de ser a máis idónea en canto a rendemento empregando as regras de poboación de módulos, valorándose que os procesadores teñan acceso á memoria a través de tódalas canles dispoñibles.
- Valorarase a capacidade de ampliación
- 4 saídas Gbit Ethernet con capacidade de “bondng” e alta dispoñibilidade.
- Tarxeta de xestión remota con posibilidade de apagado do servidor de forma remota mediante a placa de xestión, encendido do servidor de forma remota con posibilidade de poder entrar na BIOS remotamente no momento do test de arranque.
- Fontes de alimentación e ventiladores redundantes.
- Acceso redundante ó almacenamento aproveitando ó máximo a velocidade do sistema de almacenamento.

4.2.1.4. Rede SAN

A tecnoloxía da rede da SAN será Fiber Channel de **8Gb**.

Proporcionarase os elementos de conmutación necesarios para a dotación do CPD, de xeito que manteñan a condición de Alta Dispoñibilidade do sistema a implantar.

Os elementos de conmutación deberanse dimensionar convenientemente para as redes de almacenamento. Proveranse co correspondente software de monitorización e administración.

O licitador debe ter en conta que estes elementos de conmutación deben conectar cos servidores e o demais hardware que se especifica neste Prego Técnico, e deberá prover todos os elementos, físicos e lóxicos, necesarios para a dita conexión.

A rede a implementar deberá cumprir cos seguintes requisitos mínimos:

- A conexión de cada servidor ofertado coa rede SAN FC deberá facerse mediante un mínimo de 2 portos FC a 8Gb que deberán implementarse mediante un mínimo de 2 controladoras de almacenamento independentes.
- A arquitectura da rede SAN deberá implementarse mediante un mínimo de 2 Conmutadores FC a 8Gb para proporcionar redundancia e alta dispoñibilidade.
- Para garantir a escalabilidade da rede SAN FC, cada un dos Conmutadores FC ofertados deberá incluír portos activos que inclúan SFPs, cables FC das medidas necesarias, licencias de xestión e monitorización avanzada. As licenzas necesarias para obter estas funcionalidades deberán ser ofertadas co equipamento sen necesidade de facer adquisicións futuras das mesmas.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

Todos os elementos de interconexión entre servidores e cabinas deberán garantir a velocidade máxima do almacenamento principal.

Por mor da alta dispoñibilidade, débense configurar os elementos conmutadores de xeito que se poida perder un destes elementos.

A rede SAN deberá estar perfectamente integrada coa infraestrutura actual existente no Concello actuando sobre os equipos actuais e acometendo as ampliacións necesarias para a nova infraestrutura, de forma que se manteña a homoxeneidade do entorno de comunicacións.

A solución ofertada deberá incluír a cantidade de portos e elementos de interconexión necesarios para garantir o ancho de banda e a velocidade da solución.

A solución ofertada debe garantir un óptimo rendemento no funcionamento diario do sistema completo.

4.2.1.5. Sistema de Backup

O adxudicatario deberá subministrar, instalar e configurar toda a infraestrutura hardware e software para a realización, almacenamento e recuperación das copias de seguridade. O sistema de Backup deberá ser facilmente escalable.

A solución de backup deberá contemplar dous niveis de copia. Un primeiro nivel que realizará copias de seguridade para recuperación “inmediata”, soportada fisicamente en discos de grande capacidade. Un segundo nivel para copias de longa duración, fisicamente residentes en cinta magnética.

O sistema permitirá realizar copias de BDs, arquivos, correo, servidores, e todos os elementos que a súa copia garanta a continuidade do servizo e a recuperación ante continxencias.

O sistema de gravación de cintas deberá ter as seguintes características:

- Formato: Rack 19”.
- Librería robotizada de cintas cun drive de tecnoloxía LTO4 ou superior.
- Capacidade mínima de 8 slots extraíbles LTO4 e dispoñibilidade de 1 mail-slot que se poida configurar para a importación e exportación de cintas.
- O adxudicatario deberá asegurar a integración deste sistema co resto dos sistemas obxecto de subministración e instalación deste Prego, incluíndo a rede de almacenamento SAN.
- Proporcionaranse todos os compoñentes hardware e software non especificados pero que sexan necesarios para un correcto funcionamento e óptimo rendemento do sistema de backup.
- Posibilidade de xestión remota da librería mediante interfaz web.
- Deberase garantir que o sistema de backup pode interactuar cos sistemas de software do Concello de Lugo (Windows, Linux, Active Directory, Exchange, Oracle, ...).

O sistema de backup a disco deberá ter as seguintes características:

- A solución de backup a disco debe ser modular e permitir incrementos de capacidade na configuración.
- O backup a disco debe estar protexido por RAID hardware.
- A solución ofertada debe ser capaz de permitir a restauración dende a librería de cintas e discos.
- A solución de backup a disco deberase integrar e utilizar a estrutura de backup a cinta buscándose:
 - Compatibilidade co backup server e media servers ofertados.
 - Compatibilidade coa librería de cintas/drives ofertado.
 - Compatibilidade co software de backup ofertado.

Os sistemas de backup, deberá ser xestionado mediante software con interfaz gráfica de usuario, que facilite a súa instalación, configuración, monitorización e control. Deberá reunir as seguintes funcionalidades:

- Poderase realizar tanto backup directo a disco e cinta, así como copias entre estas capas de almacenamento.
- Permitirá a copia de arquivos Windows, Solaris, Linux.
- Directorio activo de Windows.
- Incorporará os axentes para MS Exchange, Active Directory, clientes de windows e Oracle.
- A xestión de índices será automática. A solución deberá garantir a integridade dos índices en caso de perda da consola, e un tempo de recuperación o máis reducido posible.
- Poderanse realizar backup de ficheiros e buzóns de correos de Exchange.
- Permitirá a automatización de tarefas mediante “scripting”
- Poderanse definir clientes e servidores de soportes en DMZ, con control dos portos dedicados a comunicacións de backup cos servidores na rede interna.
- Poderase facer backup incremental a nivel de bloque.
- Integración completa co software de virtualización.
- Despliegue de axentes dende unha consola central.
- En caso de dispoñer de deduplicación, integración coa tecnoloxía de deduplicación da solución de backup a disco ofertada.

4.2.1.6. Software de Virtualización

O software de virtualización para os servidores terá como mínimo, as seguintes características:

- Debe ser capaz de modificar o tamaño, dos volumes creados, en quente tanto en crecemento como en decrecemento.
- O software de virtualización permitirá o movemento de máquinas virtuais en quente dun servidor a outro sen necesidade de apagar estas máquinas virtuais.
- Ante unha caída de calquera dos servidores hardware, as máquinas virtuais deberán levantarse automaticamente nun dos outros servidores hardware.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

- O software proposto deberá poder realizar snapshots dos servidores virtuais e backups en quente a través da conexión SAN.
- O software ofertado terá que poder actualizarse ás novas versións durante un tempo mínimo de 3 anos sen necesidade de adquisición de licencias adicionais.
- Proporcionarnase as licencias necesarias de software de virtualización para a instalación completa de todos os servidores ofertados.
- Proporcionaranse axentes para a xestión centralizada dos servidores virtuais, así como as licencias necesarias para realizar administración centralizada de cada axente.
- Posibilidade de conversión de máquinas físicas a virtuais (P2V), de virtuais a físicas (V2P) e virtuais a virtuais (V2V).
- Deberase aportar documentación de compatibilidade entre o software de virtualización e o hardware ofertado, en concreto datos do fabricante, entre os que figurará a HCL (Hardware Compatibility List).

4.3. GARANTÍAS

Todos os equipos, licenzas de software e servizos propostos deberán contar cun mínimo de **3 anos** de garantía e un máximo de **4**, dende o remate da instalación. Dita garantía comprenderá a reparación de tódolos elementos nos locais do Concello. Incluirá mantemento preventivo, correctivo e diagnóstico remoto. Incluirá pezas, man de obra e desprazamento do persoal que faga as reparacións e a substitución de máquinas, se fora preciso, para evitar que pare o traballo. Dentro deste mantemento terase actualizado o nivel de enxeñería (microcódigo) dos elementos informáticos que o requiran para o seu funcionamento.

Todas as licencias de software deberán contar cun mínimo de **3 anos** de garantía e soporte para o cliente incluíndo melloras, parches, consultas, incidencias, etc.

Todos os servizos prestados polo licitador (entendendo por servizos configuración do hardware, instalación do software, migración de datos e programas entre sistemas, axustes, configuracións e parametrizacións sobre o novo sistema, etc.) contarán cunha garantía de **3 anos** trala recepción do proxecto por parte do Servizo de Informática.

Con esta garantía, o licitador comprométese a realiza-los axustes ou resolver tódalas incidencias que apareceran na instalación obxecto do contrato, nun prazo nunca superior **24 horas**, sempre que haxa unha **perda de funcionalidade** ou servizo dos sistemas, ou a **unha xornada laboral** no caso contrario.

O tempo de atención ás incidencias será inferior a **2 horas**.

As incidencias que se puideran producir no Concello en relación co sistema proposto seranlle comunicadas de inmediato á empresa adxudicataria, polo que esta proporcionará un número de teléfono dispoñible polo menos en horario comercial (das 9:00 ás 14:00 h e das 16:00 ás 20:00 h) e serán recollidas de inmediato para xestionar o seu seguimento, reclamacións e estado destas.

Para a prestación de tódolos servizos, o licitador desprazará ó Concello os técnicos que considere oportuno, en función da demanda que se produza, quedando tódalas horas de asistencia cubertas polo presente concurso.

Calquera intervención sobre o sistema terá que ser realizada por persoal **debidamente certificado** (partner enterprise) sobre o sistema que vai manexar e cunha alta solvencia técnica, que garanta as intervencións.

A empresa adxudicataria facilitará ó persoal designado polo Servizo de Informática do Concello a información e documentación que este solicite, para dispoñer dun coñecemento completo das circunstancias nas que se desenvolven os traballos, así como dos eventuais problemas que se podan plantexar e das tecnoloxías, métodos e ferramentas empregados para resolvelos.

4.4 CONTROL DO PROXECTO E SERVIZOS.

4.4.1 XESTIÓN DO PROXECTO.

Os ofertantes deberán aportar unha descrición da metodoloxía empregada para levar a cabo o proxecto. Aportarase unha descrición das diferentes fases do proxecto coas tarefas a realizar (subministro, instalación, configuración, posta en marcha, formación, etc).

En todo caso, o proceso de instalación incluírá a posta en marcha en paralelo dos sistemas subministrados cos actualmente en funcionamento de tal xeito que só unha vez rematadas todas as probas de funcionamento e integración se produza a posta en produción do novo sistema de servidores.

As ofertas incluírán unha proposta de xestión de todo o proxecto na que se especifique:

- Organización do proxecto na que se describan os órganos de xestión do mesmo
- Xestión de cambios e incidencias
- Descrición dos compromisos adquiridos polo ofertante e o Concello
- Proposta de control e seguimento do proxecto, con reunións para analizar e propor solucións ás posibles desviacións que se poidan producir respecto á planificación.

A empresa adxudicataria deberá pór a disposición do Concello a documentación escrita e en formato dixital necesaria para o coñecemento do cumprimento do obxecto do contrato e de tódalas incidencias que poidan ocorrer.

Tras a sinatura do contrato, a documentación que teña que ser presentada, entregarse no formato electrónico que o Concello determine.

O adxudicatario presentará un único interlocutor para o seguimento do proxecto ante o Concello.

4.4.2. SERVICIOS

4.4.2.1. Instalación e configuración

A instalación e configuración dos equipos subministrados incluírá:

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

- Montaxe do rack (se necesario) no CPD municipal.
- Montaxe dos compoñentes hardware para o almacenamento, servidores, sistema de backup, electrónica de rede SAN, etc.
- Instalación do sistema operativo e compoñentes adicionais que permitan optimizar o funcionamento do hardware subministrado.
- Configuración básica, que incluíra a conexión da nova rede SAN e do equipamento á rede de datos do Concello, cos parámetros que definirá a tal efecto o departamento de Informática.
- Integración dos equipos conformando os sistemas de procesamento, almacenamento centralizado e copia previstos.
- Realización das tarefas de configuración e optimización que permitan acadar un funcionamento óptimo no contorno informático existente.
- Instalación dos paquetes de software requiridos, obxecto do Prego.
- Realización de probas de funcionamento individual e integrado de todos os dos elementos hardware e xunto co software do proxecto.
- Paso da información almacenada nas outras cabinas ó novo sistema de almacenamento, realizando todas as probas necesarias para garantir o funcionamento das bases de datos, e o acceso dende as aplicacións municipais.
- Realización das tarefas que permitan a recuperación e posta en funcionamento, en caso de fallos ou de necesitar a reinstalación do equipo: creación de discos de configuración e de arranque, creación de imaxes de disco, etc.
- Migración de datos afectados polo proxecto.
- Etiquetado dos equipos e inclusión no inventario.
- Durante o proceso de instalación dos equipos subministrados deberase garantir a dispoñibilidade e continuidade dos servizos e aplicacións que se atopan xa configurados e en produción, é dicir non interromper os mesmos.

4.4.2.2 Definición dos procedementos de recuperación ante fallos e continxencias

Como parte do proxecto, o adxudicatario deberá elaborar e probar axeitadamente un conxunto de procedementos para recuperación de datos e de funcionalidade dos sistemas, nos diferentes escenarios de incidencias que se poden dar en fallos puntuais e nas continxencias máis comúns. Como tales entenderemos sucesos relativamente sinxelos como perda dun arquivo, fallos dun host individual ou interrupción temporal do servizo.

Trátase, de reanudar ca maior brevidade posible a dispoñibilidade dos servizos máis críticos, co obxectivo de minimizar o impacto, de xeito que a correcta recuperación dos sistemas e procesos quede garantida e se conserven os obxectivos estratéxicos da organización.

Deberase ter moi en conta a consistencia da copia con respecto ós servizos respaldados. Terá que garantirse a integridade dos servizos respaldados, non limitándose a copiar os datos, senón que se deberá comprobar que a redundancia dos datos e das máquinas virtuais sexan consistentes para poder dar un servizo alternativo sobre ditos elementos redundados.

Contemplantase unha política de respaldo, indicaranse posibles medidas a tomar ante cada escenario de fallo ou continxencia, e se definirán os propios procedementos de recuperación.

As tarefas de recuperación deberán requirir a mínima intervención posible do persoal técnico, dependendo sempre das capacidades da solución tecnolóxica aportada polo adxudicatario.

Os procedementos deberán indicar as tarefas a realizar e os recursos necesarios para atender calquera continxencia definida, dun xeito eficiente, establecendo as actividades a desenvolver antes, durante e despois de presentarse a continxencia. Cada procedemento deberá estar debidamente documentado e probado.

4.4.2.3. Traspaso de datos ó novo almacenamento.

Requisitos do traspaso de datos:

- O persoal encargado do traspaso das bases de datos Oracle deberá estar en posesión da certificación oficial de Oracle DBA.
- Calquera actualización de software (parcheado) nos servidores ou nas bases de datos que se atopan actualmente no Concello, que se puidera requirir para proceder ó traspaso das bases de datos, deberá realizalas o adxudicatario, sen repercutir custo ou traballo no Concello de Lugo.
- O clúster do que se dispón na actualidade deberá seguir a funcionar, dun xeito mellorado, contra o novo sistema de almacenamento, o que implicará a realización das probas de alta dispoñibilidade e validación dos servizos en clúster.
- Traspaso dos datos correspondentes ás aplicacións de xestión municipal (T-Systems) e ó Portal Web.
- Implantación dun plan de restaurado e recuperación, enmarcado dentro dos procedementos de recuperación definidos.
- Realización de probas completas do ciclo “backup-restore-recover”.
- Monitorización do rendemento da base de datos e optimización da súa parametrización.
- Valorarase o mínimo impacto posible do traspaso de datos no funcionamento normal do Concello de Lugo.

4.4.2.4 Documentación.

O adxudicatario proporcionará a documentación relacionada coa instalación realizada e toda a necesaria que permita ó persoal técnico do Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

afrontar con todas as garantías, a administración do novo sistema. Incluirase tanto a documentación do proxecto coma a definición e resultado das probas, os manuais de operación, e a definición de todos os procedementos de recuperación.

Entregables: a documentación a entregar centrarase, polo menos, nos seguintes aspectos:

- Planificación inicial e cronograma de instalación de HW e SW. Identificación e minimización dos riscos da implantación, necesidades e datas da posible parada dos equipos. Definiranse os criterios de aceptación da instalación.
- Probas de verificación do correcto funcionamento do sistema implantado.
- Mapa de topoloxía, amosando a topoloxía lóxica da rede SAN e o esquema de interconexión. Tamén proporcionará información para acomodar futuros crecementos ou avances tecnolóxicos.
- Esquema de configuración, amosando o esquema físico da implantación realizada.
- Mapa definindo a configuración do almacenamento, coma poden ser os niveis RAID e a asignación dos discos.
- Mapa de zoa que defina os accesos de comunicación entre servidores e os sistemas de almacenamento, backup, etc. incluíndo nodos, portos, etc, involucrados na comunicación.
- Procedementos de recuperación ante fallos e continxencias.
- Resultado das probas realizadas tras o trapaso de datos ó novo almacenamento.
- Resultados das probas de verificación do correcto funcionamento do sistema implantado.

4.4.2.4.1. Transferencia Tecnolóxica

Durante a execución do contrato e nos seguintes 4 meses trala finalización do mesmo, será de obrigado cumprimento para os licitadores o subministro ó Concello de Lugo ou a un terceiro autorizado, de toda a información requirida e relacionada coa execución do contrato que non estea na documentación entregada previamente. Inclúese calquera modificación da documentación entregada, no caso de que a mesma resulte insuficiente ou incorrecta.

4.4.2.5 Formación.

O persoal técnico do departamento de Informática do Concello recibirá a formación necesaria para levar a cabo, de xeito autónomo, a posterior administración, reinstalación e recuperación dos equipos. Para elo subministrarse a información de todas aquelas características específicas dos equipos e do software ofertados, así como da configuración realizada como parte do servizo de instalación e configuración.

Os licitadores presentarán un programa de formación orientado ós administradores da plataforma dun mínimo de **20 horas**, que versará sobre o

equipamento software e hardware obxecto da licitación e que deberá ser aprobado polo persoal técnico de Informática do Concello. A proposta de formación deberá incluír, polo menos, os seguintes aspectos:

- Políticas de seguridade implantadas. Reinstalación e recuperación de equipos caídos. Procedementos de recuperación.
- Creación e administración de máquinas virtuais.
- Perfiles de administración. Controles e privilexios de acceso ás máquinas virtuais.
- Optimización do rendemento do entorno.
- Recuperación do sistema ante fallos (procedementos ante fallos e continxencias).
- Configuración de backup de máquinas virtuais.
- Monitorización do entorno.
- Integración da plataforma no sistema de monitorización NAGIOS, do que dispón o Concello.

5. DURACIÓN DO CONTRATO

A instalación de todo o sistema, coas tarefas e controis identificados no apartado 4.4.2.1, realizaranse nun período non superior a **2 meses**, a contar a partires da subministración dos equipos, que se realizará no prazo máximo dun mes, e do comezo da execución dos servizos indicados.

Os equipos e servizos (identificados no apartado 4) disporán dunha garantía que inclúa soporte, actualización e mantemento de, polo menos, **3 anos**.

6. CONDICIÓN XERAIS

Para concorrer ó presente concurso, o licitador deberá acreditar o cumprimento e a posesión da certificación **ISO 9001/2000/2008**, relativa ó obxecto do proxecto. Así mesmo, valorarase a posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información e ISO 20000 de Xestión de servizos de TI.

O adxudicatario deberá acreditar a súa condición de partner dos fabricantes das solucións de almacenamento, servidores, sistema de backup e sistema de virtualización ofertados.

O licitador deberá facer constar na súa oferta que coñece, acepta e se compromete a cumprir todos os requisitos indicados no presente prego.

Os prezos da oferta deberán ser sempre co **IVE incluído**.

7. PRESENTACIÓN TÉCNICA DAS OFERTAS

As ofertas incluírán toda a información sobre o subministro e servizos que sexa necesaria para a valoración das mesmas, segundo os criterios de avaliación especificados neste prego.

Ademais dos documentos requiridos explicitamente, coa oferta presentaranse tódolos que o ofertante considere oportunos para a perfecta

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

definición do subministro e dos servizos entendendo, en caso de non indicarse un determinado aspecto, que cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Prego e cos estándares de mercado.

As ofertas diferenciarán claramente, e dun xeito inequívoco, as características mínimas de equipamento e servizos esixidas, e as que realmente se aportan como melloras, co gallo de facilitar o traballo de avaliación.

As ofertas deberán presentar en formato papel, ademais de en formato electrónico en calqueira soporte válido.

8. REFERENCIAS E EQUIPO DE TRABALLO

O equipo de traballo deberá estar correctamente dimensionado para a execución do proxecto en tempo e forma, de xeito que se garanta o éxito do mesmo.

Para a solución de virtualización ofertada, o adxudicatario deberá acreditar a súa condición de partner registered ou equivalente de xeito que dispoña dun mínimo de dous técnicos certificados nesta tecnoloxía. En canto ós servizos de traspaso de datos, o persoal encargado da mesma deberá estar en posesión da certificación oficial de Oracle DBA.

O licitador indicará o perfil do equipo de traballo para o proxecto e acreditará as certificacións anteriores no caso de resultar adxudicatario. As referencias do equipo de traballo que participará neste proxecto, incluirán como mínimo a seguinte información:

- Información sobre o número de persoas con coñecementos sobre o equipamento subministrado ou similar, que podan dar soporte ó persoal directamente asignado ó proxecto.
- Número de persoas e perfís do persoal que se asigne ó proxecto.
- Formación académica, cualificación técnica e experiencia en proxectos similares que se esixirá ás persoas que se asignen a cada perfil do proxecto.

9. SOLVENCIA TÉCNICA

En xeral, a solvencia técnica para o subministro de equipamento e o mantemento dos equipos, poderá demostrarse polos diferentes procedementos previstos na lei.

Así mesmo para a acreditación da solvencia técnica, as empresas licitadoras deberán acreditar experiencia en proxectos similares, sendo adxudicatario ou provedor de servizos das características do presente prego, por un importe superior **100.000** euros, IVE incluído, nos derradeiros **3** anos.

A forma de acreditar esta circunstancia será por medio de copia de contratos, informes de empresas contratantes, certificacións, etc... que en todo caso permitan comprobar o seu cumprimento.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Na prestación de tódolos servizos obxecto do presente concurso, e en especial no que se refire ó tratamento dos datos persoais que poda haber entre os datos

facilitados pola Administración contratante, en calquera das fases de execución dos servizos contratados, o adxudicatario comprométese a cumprir estritamente o que dispón a Lei 230/1963, do 28 de decembro, do réxime xeral tributario, na súa redacción dada pola Lei 25/1995, do 20 de xullo; a Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, pola que se regula a protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativas, que garantan a seguridade dos datos que lle sexan facilitados ou ós que teña acceso, coa fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado, visto o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos a que estes se atopan expostos, xa proveñan da acción humana, xa do medio físico ou natural.

O adxudicatario comprométese a cumprir o establecido no documento de seguridade do Concello de Lugo.

O licitador comprométese a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación contractual co Concello de Lugo.

11. MELLORAS Ó PREGO

Tódalas melloras que se inclúan na oferta deberán estar nunha sección afastada definida como “Melloras ás Prescricións Básicas”. As ofertas deberán incluír unha **táboa comparativa, onde se reflectan as características mínimas esixidas e as que realmente aportan como melloras, para facilitar o traballo de avaliación.**

Todas as melloras deberán estar acompañadas da correspondente documentación técnica do fabricante que as garanta.

O licitador poderá achegar cantas melloras considere oportunas. Entre outras posibles, apúntanse as seguintes:

11.1. Equipamento. Elementos HW e SW

11.1.1. Sistema de almacenamento

- Capacidade inicial de almacenamento en volume neto
- As tecnoloxías dos discos que se incorporen á cabina deberá permitir tanto transaccións rápidas on-line (OLTP) coma almacenamento “barato” de arquivos. Velocidades dos discos, etc.
- Capacidade de crecemento de almacenamento en disco dentro dun mesmo sistema, en procesadores ou calquera outro elemento das cabinas, incluíndo escalabilidade horizontal.
- Extensión de memoria caché
- Benchmarks de rendemento (SPC)
- Niveis de Raid permitidos
- Nº máximo de unidades de disco na mesma cabina
- Tecnoloxías de disco
- Velocidade de xiro (rpm)

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

- Posibilidade de apagado (spin-down) dos discos en estado "iddle"
- Incorporación de Snapshots: tempos de realización e recuperación.
- Incorporación de clones: tempos de realización.
- Número de snapshots almacenables sen custo engadido á oferta, e capacidade máxima.
- Número de clones almacenables sen custo engadido á oferta, e capacidade máxima.
- Posibilidade de replicación síncrona á velocidade máxima soportada pola SAN.
- Thin Provisioning
- Sistema de encriptación de disco integrado.
- Encriptación de disco incluída
- Posibilidade de migrar LUNs dinámicamente entre niveis distintos de RAID, on-line.
- Virtualización de almacenamento.
- Caché protexida por batería e capacitadores.

11.1.2. Servidores de Virtualización

Melloras no número e características técnicas dos equipos:

- Número de servidores
- Número de procesadores
- Número de núcleos por servidor
- Rendemento **SPECint2006RateBase** documentado.
- Memoria RAM
- Capacidade de ampliación
- Saídas Gbit Ethernet
- Redundancia de compoñentes (agás fontes de alimentación, ventiladores e acceso ó sistema de almacenamento).
- Capacidades incluídas na tarxeta de xestión

11.1.3. Rede SAN

- Velocidades
- Redundancia nos elementos de conmutación. Número destes elementos.
- Características dos elementos de conmutación
- Integración cos sistemas de comunicación existentes

11.1.4. Sistema de Backup

- Incorporación dunha librería virtual (VTL)
- Modelo de cintas (LTO4 ou superior)
- Capacidade total das cintas de backup
- Velocidade de backup (GB/hora).

- Axentes para backup aportados.
- Granularidade copia (buzóns exchange, arquivos, bloques, volumes, ...).
- SW de backup deduplicación e arquivado
- Posibilidade de encriptación por hardware.
- Posibilidade de copia directa do sistema de almacenamento vía protocolo NDMP.
- Definición de procedementos para copia de cintas antigas.

11.1.5. Software de Virtualización

- Alta dispoñibilidade
- Tolerancia a fallos
- Optimización de memoria
- Balanceo dinámico de Carga
- Power management

11.1.6. Procedementos de recuperación e continxencia

- Número e relevancia dos procedementos a implantar
- Definición de políticas de respaldo
- Automatización dos procedementos

11.2. Mantemento e Servizos.

11.2.1. Mantemento

- Tempos de resposta e resolución das incidencias.
- Servizos de valor engadido proporcionados polo subministrador dentro da oferta
- Mellora de garantías.
- Posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información
- Posesión da ISO 20000 de Xestión de servizos de TI

11.2.2. Instalación e configuración

- Tempo de instalación, configuración e probas
- Horario de traballo na instalación

11.2.3. Traspaso de datos á nova cabina

- Mínimo impacto posible do traspaso no funcionamento normal do Concello de Lugo
- Posta en produción fóra do horario laboral.

11.2.4. Formación.

- Horas de formación.
- Contidos

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

- Documentación

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios a empregar na valoración das ofertas que se presenten son os que seguen:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS	49 Ptos
---	---------

Oferta económica:	28
Custo do total do proxecto	28
Garantía e mantemento:	19
Ampliación nun ano do prazo de garantía hardware (máx 1 ano)	12
Ampliación garantía software (update & support) e servizos (máx contrato)	6
Posesión da ISO 27001	0,5
Posesión da ISO 20000	0,5
Instalación e configuración	2
Tempo de instalación, configuración e probas, max 2 meses.	2

CÁLCULO DA PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS:

Custo total do Proxecto:

$$P_i = P_{\max} \times O_m / O_i, \text{ sendo:}$$

- P_i : puntuación da oferta i, oferta a valorar
- P_{\max} : Puntuación máxima: 30 ptos.
- O_m : importe da mellor oferta, oferta admitida máis favorable
- O_i : importe da oferta i, oferta a valorar

Para o resto dos criterios:

Aplicaranse criterios de proporcionalidade directa ou inversa, segundo o caso, tendo en conta que as ofertas con valor igual ó valor esixido no prego puntuarán 0 puntos e o a mellor oferta, levará os puntos máximos.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR	51 Ptos
---	---------

Características técnicas da solución:	
Sistema de almacenamento	15

Capacidade inicial de almacenamento, en volume neto, Tecnoloxía e velocidade dos discos, capacidade de crecemento, rendemento da cabina, IOs, throughput, modo de replicación ou virtualización de almacenamento, thin provisioning, sistema de encriptación de disco integrado. recuperación consistente de copias, provisionamento virtual, e en xeral melloras referentes ó sistema de almacenamento	15
Servidores de Virtualización	10
Rendemento SPECint2006RateBase documentado, Memoria RAM, Número de servidores, procesadores e núcleos por servidor, tecnoloxía de memoria, capacidade de ampliación e en xeral outras melloras referidas ó rendemento e capacidade dos servidores de virtualización	10
Rede SAN	6
Velocidades e rendemento, Redundancia e características nos elementos de conmutación.Integración cos sistemas de comunicación existentes e outras melloras referidas á rede SAN	6
Sistema de Backup	7
Incorporación dunha librería virtual (VTL) ou sistema de grabación a disco diferente das cabinas, Capacidade total, Modelo de cintas, Axentes para backup aportados, granularidade da copia, SW de backup, deduplicación e arquivado, encriptación por hardware, e outras melloras referidas ó sistema de Backup.	7
Software de Virtualización	5
Administración dende un único punto (máquinas virtuais e almacenamento virtual, se dispoñible), Alta dispoñibilidade, Tolerancia a fallos, Optimización de memoria, Site Recovery, Balanceo dinámico de Carga, Power management, e calquera mellora referida ó SW de virtualización	5
Características dos Servizos:	
Perfil do equipo de traballo	1
Procedementos de recuperación e continxencia	3
Número e relevancia dos procedementos a implantar, Definición de políticas de respaldo, Automatización dos procedementos e outras melloras referidas ós procedementos de recuperación e continxencia.	3
Garantías e Mantemento	1
Tempos de resposta e resolución de incidencias, servizos de valor engadido e outras melloras referentes ás Garantías e Mantemento	1
Traspaso de Datos	2
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello de Lugo, Posta en produción fóra do horario laboral e todas as melloras referidas á migración da BD Oracle	2
Formación.	1
Horas, Contidos e Coaching tecnolóxico	1

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO APROBACIÓN CONTRATACIÓN E PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

13. IMPORTE DO CONTRATO

O **custo máximo de adxudicación** do obxecto deste prego ascende á cantidade de **94.400,00 €**, IVE incluído.”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 94.400 euros con cargo á aplicación 92002.62600 do vixente Orzamento xeral

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector Público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, expídese esta certificación, de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Lugo, a trinta e un de maio de dous mil doce.

**V. e pr.
Cúmprase
O ALCALDE,**